



Novas de Mesía 2015

SEMANA SANTA

CACHIBOL DE SEMANA SANTA

Día: Luns, 30 de marzo.

Hora: 11:00 a 13:00 h.

Lugar: Pavillón de Olas.

Actividade gratuíta e aberta a todo o que queira participar, non só os anotados no cachibol anual. É aconsellable ir en compañía de fillos, netos ou outros familiares e veciños para que o xogo sexa máis divertido.

SAÍDA CULTURAL E DE OCIO Á CORUÑA

Día e hora: Martes, 31 de marzo.

9:15 h: Saída da Casa da Cultura.

10:30 h: Entrada na **Piscina de Acea de Ama**. Conta cunha piscina de tobogáns, unha de ondas e unha piscina infantil.

Nota: Despois de parar na piscina o bus fará unha parada no C.C. Marineda City, poderán quedar aí aqueles que non desexen ir á piscina, sempre que sexan maiores de 15 anos (con autorización firmada dos pais) ou os menores de 15 anos acompañados.
13:00 h - 15:00 h: Comida e tempo libre no CC Marineda City.

15:30 h: Sesión de Cine infantil e xuvenil no C.C. Espacio Coruña.

18:30 a 19:00h: Chegada á Casa da Cultura.

Destinatarios: Nenos/as do concello. Os menores de 12 anos irán acompañados dun adulto.

Prezos: Nenos e adultos: 7 € (só cine: 4 €).

Inscricións: na Casa da Cultura antes do xoves 26 de marzo.

ACTIVIDADES EN INGLÉS

PARA NENOS DE 4 A 12 ANOS

Playing in English. Xogos, dinámicas e actividades con monitores de fala inglesa, de tal forma que os participantes aprenderán e practicarán este idioma á vez que lle perden o medo e o pasan ben. Faremos grupos segundo a idade dos rapaces e rapazas asistentes.

Data e horario: Mércores, 1 abril de 10:30 a 14:00 h.

Lugar: Casa da Cultura

Prezo: Actividade gratuíta

Inscricións: na Casa da Cultura, prazas limitadas. Mínimo 10 nenos/as.

Imparte: Academia English In Motion

MEDIO AMBIENTE

PROGRAMA ECO-BAÚL

TALLER: O BOTIQUÍN NATURAL

Volvemos a ofertar o obradoiro de Botiquín Natural para unha nova data.

Trátase dun taller práctico no que se ensinarán pequenos remedios naturais para combater ou aliviar diferentes doenzas. Explicaranse as propiedades de diferentes plantas medicinais e o xeito de usalas para que resulten beneficiosas.

Día: Sábado 18 de abril de 10:30 a 13:30 h.

Lugar: Casa da Cultura.

Prezo: 5 €

Observación: Inscricións antes do 13 de abril na Casa da Cultura. Mínimo de 12 persoas e máximo de 25.

Imparte: Aloe-ingenieros

LETRAS GALEGAS

IV CERTAME DE BANDA DESEÑADA

O Concello de Mesía e o CPI de Xanceda poñen en marcha o IV Certame de Banda Deseñada. Podedes participar todos os alumnos/as dos centros educativos do concello, só tedes que desprezar a vosa arte e debuxar as mellores viñetas. Haberá premios para cada categoría. Daranvos máis **información nos vosos centros educativos**.

ACTUACIÓNS PROGRAMA LER CONTA MOITO

O Concello de Mesía a través do programa "Ler conta moito" achegará diferentes actuacións ós centros de ensino do municipio.

Desenvolverase un obradoiro de banda deseñada impartido por un ilustrador, contacontos de Tropa de Trapo e unha actividade de "stop motion" realizada pola produtora creativa Illa Bufarda.

AVISO

INSPECCIÓN TÉCNICA DE CICLOMOTORES

A unidade móbil de Inspección Técnica de **Ciclomotores, Quads e Motos** estará o vindeiro **1 de abril** no Colexio de Lanzá. Os interesados en acudir a pasar a revisión deben solicitar cita previa no teléfono: 902 309 000.

XUVENTUDE

VOLUNTARIADO XUVENIL

O Concello de Mesía está inscrito no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia, polo que se tes entre 16 e 30 anos podes participar como voluntario/a no departamento de Cultura e Deporte.

Aos voluntarios pagaránselle dietas de 6,00 €/día (como gastos de desprazamento e manutención).

Aínda vos podedes anotar para ser voluntarios/as neste 2015. Inscricións e máis información no Concello.

PROGRAMA DE GARANTÍA XUVENIL

O programa de garantía xuvenil en Galicia está enmarcado dentro da extratexia de emprendemento e emprego xove. Trátase dun programa dirixido a todos aqueles que teñan entre 16 e 24 anos (ampliado ata 29 anos no caso de discapacidade igual ou superior ó 33%) a través do cal se pretende garantir a igualdade de oportunidades no mercado laboral. Busca ofrecer experiencia laboral, formación ou cursos de idiomas e TIC.

Máis información no Concello, teléfono 981 68 70 01.

CAMPAMENTOS DE VERÁN

Está previsto que saian convocados os Campamentos de Verán da Xunta e da Deputación da Coruña a finais deste mes de marzo. Se estades interesados en participar estade atentos á páxina web do Concello, onde vos avisaremos tan pronto poidades solicitar praza.. Tamén podedes informarnos chamando á Casa da Cultura ou ó Concello

ACTIVIDADES VARIAS

CURSO C.A.P. PARA TRANSPORTISTAS

Curso de formación continua obrigatoria dirixido a condutores que obtiveran o permiso de conducir C1, C, C+E, C1+E (camión e trailer) antes do 11 de setembro do 2009, e o permiso D1, D, D1+E, D+E (autobús) antes do 11 de setembro de 2008. Infórmate de se che corresponde facer o curso na Casa da Cultura.

Duración do curso: 35 h.

Prezo: 200 €+ taxas.

Datas e horario: o 6,7, 13 e 14 DE Xuño.

Anotarse: Casa da Cultura, antes do 4 de maio.

Imparte: Autoescola COPACO.

FESTA FIN DE ACTIVIDADES MUNICIPAIS

Data: venres 5 de xuño

Horarios:

16:30 h. Escolas deportivas e culturais de nenos/as.

21:30 h. Actividades municipais de adultos e maiores.

Haberá exhibicións das actividades municipais realizadas durante o curso, merenda e agasallos para os participantes.

SAÍDAS

EXCURSIÓN A CEDEIRA, SAN ANDRES DE TEIXIDO E SADA

Excursión a Cedeira, San Andrés de Teixido, Pontedeume e Sada.

Data: Sábado 25 de abril.

Hora de saída: ás 8:00 h de Mesía. Os autobuses farán un percorrido polas paradas habituais das distintas parroquias do Concello para recoller a xente. Sobre o punto de recollida e o horario serán informados no momento de anotarse.

Descrición da saída:

10:00 h. Parada para almorzar e pasear pola vila de Cedeira.

12:00 h. Chegada ó santuario de San Andrés de Teixido onde terán tempo para ir á misa ou pasear polos arredores.

14:30 h. Xantar en Pontedeume.

17:00 h. Tempo libre para pasear por Sada e visitar o seu típico feirón.

19:00 h. Saída cara Mesía.

Prezo: 25 € por persoa, que se recollerán ao anotarse. Os non censados deben aboar 28 €.

Inscricións: en Servizos Sociais do Concello ata o 17 de abril.

Máis información chamando ao 981 68 72 38.

CAMIÑA MESÍA! 1ª SAÍDA DE SENDEIRISMO

Apuntate ao equipo Camiña Mesía: Quedaremos nun punto de cada parroquia do Concello e iremos coñecendo estes lugares que nos rodean facendo deporte en grupo pola nosa saúde!

Día: Sábado 9 de maio.

Saída: ás 10:30 h do Albergue de Bruma.

Regreso: ás 13:30 h.

Prezo: Gratuito.

Descrición da ruta: Recorrido por un tramo do camiño de Santiago para coñecer parte do noso Concello. Trátase dunha ruta sinxela de aproximadamente 12 km.

Data límite de inscrición: ata o 6 de maio

Mínimo 15 asistentes.

Inscricións: Casa da Cultura.



Concello de Mesía, tlfno. 981 687 001

Web: www.concellodemesia.es

Servizos Sociais, tlfno. 981 687 238

Casa da Cultura, tlfno. 981 687 241